

# FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

**DO 19 DE MAIO AO 22 DE XUÑO**

## **Presentación das solicitudes:**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) dispoñible na aplicación [fondolibros](#) , a través da [sede electrónica](#) da Xunta de Galicia (para a presentación electrónica de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365).

Opcionalmente, poderá presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## **Documentación a entregar:**

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude [\(anexo I\)](#), a seguinte documentación:

- a) [Anexo II](#) (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

**[Máis información](#)**